



## RESPOSTAS DA DP EN FUNCIÓNS

Con data 29 de Xuño, a *Defensora del Pueblo* (DP) en funcións, Sra. Cava de Llano, deu resposta ao escrito de EsCULcA de 20 de Abril, en que se requeria do *Mecanismo Nacional de Prevención de la Tortura* (MNPT) a investigación do acontecido nos calabouzos dos xulgados da Coruña e no cárcere de Teixeira o día 9 de Abril, cando presumivelmente o interno Sergio Polo foi brutalmente maltratado por funcionarios do penal. Na súa resposta, a Sra. Cava, ignoramos se na súa condición de DP en funcións ou como membro do MNPT, informa da admisión a trámite da queixa e comunica que iniciará de inmediato as "actuacións oportunas perante os organismos administrativos competentes".

Anteriormente, o 25 dese mesmo mes, a Sra. Cava de Llano dera tamén resposta a un escrito posterior (7 de Xuño) do Presidente de EsCULcA. Neste caso, Fernando M. Randulfe solicitava do MNPT diversas actuacións en relación con a grave situación que se vive no C.P. de Teixeira, onde a vulneración dos dereitos das persoas presas é unha constante desde o momento mesmo da súa entrada en funcionamento no ano 1998. A queixa ia acompañada de un documentado relatório sobre os casos denunciados de tortura e maus tratos de que EsCULcA tivo coñecimento.

Na súa resposta, a Sra. Cava de Llano cita explicitamente a "Institución" do *Defensor del Pueblo* como entidade receptora da queixa e autora da resposta, sementando deste xeito dúbidas mui sérias sobre o destino final do noso escrito (dirixido ao MNPT) e sobre o organismo que se ocupará, eventualmente, de atender os nosos requerimentos.

## 25 DE XULLO

Dias antes do 25 de Xullo, como fai todos os anos, EsCULcA dirixiu-se a diversas persoas que, na súa condición de representantes institucionais, asisten à cerimonia coñecida como Oferenda ao Apóstolo Santiago que se celebra nesa data na catedral católica de Compostela. Como en anos anteriores, o obxectivo era facer-lles chegar a nosa opinión negativa sobre a súa presenza en actos relixiosos e instá-los a non participar nesa condición na cerimonia relixiosa.

Con diferenza ao que acontecera outros anos, nesta ocasión responderon ao noso escrito o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que alegou para xustificar a súa asistencia o feito de tratar-se de un convite do Alcalde da cidade, e a Presidenta do Parlamento de Galiza, D. Pilar Rojo, que nos

fixo notar un erro importante no escrito enviado por EsCULcA para a seguir afirmar non ser competencia súa indicar aos membros da Cámara os actos -institucionais ou de calquer outro tipo- a que deven ou non deven asistir. Nengun deles tivo a ben responder argumentadamente a solicitude de EsCULcA.

As cartas poden ser consultadas en: [www.esculca.net](http://www.esculca.net).

## ORWELL 2010

Os próximos 9 e 10 de Setembro terá lugar na Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela o curso que organiza EsCULcA en colaboración con a USC (*Redefinindo a privacidad. Orwell 2010*) sobre un tema de indiscutível actualidade: a invasión da nosa intimidade.

Obter unha descrición clara das novas tecnoloxías utilizadas polos poderes públicos e grandes corporacións, mediante as cais controlan as persoas no seu devir social e privado, analizar os extremos a que chegan e coñecer os instrumentos de garantía de que dispomos fronte às tecnoloxías invasivas son os eixos que estruturan o programa deste curso.



### DO REI EN BAIXO, TODOS

Fernando Martínez Randulfe

#### Por qué non partir do certo?

Non era unha xornada bucólica, nen estaban na casa de unha parella camponesa de súbditos perdida nunha aldea enclavada en agros de trigo ou montes de caza. Era na Catedral de Santiago e no día do Apóstolo, o da dobre iconografía, de ecuestre guerreiro e de camiñante sedento.

Ali estaban representantes de todos os poderes do Estado español, cada un ostentando o seu rango e rigorosamente colocados: Monarquía, Lexislativo, Xudicial e institucións públicas varias. Todos celebrando ou participando, como cargos públicos, nun acto litúrxico da relixión católica. Mais non só estaban ali. Todos os que decidiron aportar os seus cargos à función relixiosa sabían que aquilo ia ser filmado e difundido *urbi et orbe*, imaxe e son. E tanto o contido como o desenvolvemento do acto estaban meticulosamente previstos e pautados. Portanto, admiten e aceitan facer de personaxes públicas na escena, cada un con o seu rango e título, para o desenrolo do drama e a súa difusión, dirixido polo poder eclesiástico.

Tamén é certo que todos eses señores coñecen a Constitución Española. Todos saben que están obrigados a cumprila e a garantir o seu cumprimento; obriga reforzada para con eles polo feito de seren funcionarios e cargos públicos. Todos fixeron xuramento de cumprir e facer cumprir a constituición e as leis; e fixeron-no diante dun crucifixo (con crucificado). E todos saben que, segundo a Constitución, o Estado é aconfesional; e neutral en materia relixiosa; e que isto veta calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e civís ou estatais, e que impón a calquer cargo público ou funcionario abster-se de concorrer con os cidadáns, en cualidade de suxeito público, en actos ou actividades relixiosas.

Decerto, nengun deses señores tería interese en desmentir ou suavizar estas certezas. Non parece ousado tampouco, nen levemente ofensivo para eles, supor que son conscientes de que están nos seus cargos grazas, à súa vez, aos canles electorais democráticos establecidos na mesma Constitución que impón a aconfesionalidade do Estado, *El Rey* aparte.

Xa que logo, cando o Sr. Berlusconi organiza encontros *orxiásticos* na súa mansión privada, “o Estado” non está de orxia; están-no el e mais a súa cuadrilla. Mais cando o monarca español e a cadea de mandos ou cargos públicos están no acto eucarístico/ofrenda na Catedral católica, o Estado Español profesa-se católico, apostólico e romano. Escenifican que, de feito, o noso Estado é oficialmente nacional-católico. Polo menos para eles; e con pretensión de perpetuidade, pois as ima-

xes non só se transmiten en directo, senón que se gardan e conservan, xusto para perviviren.

Cando *el generalísimo* pedía e baixava a misa no seu oratorio privado, que o facía, era Francisco Franco o que ia a misa, non o Estado. Cando, en troca, o facía baixo pálio nas igrexas ou procións, era o Estado quen se puña baixo pálio; claro está, todo iso concorde con as leis Fundamentais do rexime daquela vixente. Cando o actual Monarca, seguido dos mais variados presidentes, impetra o Apóstolo e o deus dos católicos pública e solenemente, é o Estado quen os impetra. E trasmiten consciente e expresamente unha outra crenza relixiosa do Estado: que ese deus é deus para o Estado, e que pode e debe resolver os problemas sociais que eles teñen encomendados por cargo. Así o dixo a voz do Estado.

#### Algo mais que conxecturas

A partir do certo, o fluxo de conclusións resulta inquietante. Tanto, que requeriría respostas públicas por parte dos cargos civís actuantes na cerimonia, e suficientes para desmontar racional e razoadamente as que nós tiramos.

Parece claro que o dado constitucionalmente certo da aconfesionalidade e neutralidade do Estado en materia relixiosa, e as súas consecuencias, non ten o poder de alterar as mentes destes señores, de acomodá-las às esixencias constitucionais vixentes. E polo que eles mesmos exhiben ostentosamente, tampoco as súas condutas. Así as cousas, parecen non ter sentido da dignidade dos seus respectivos cargos. Ou se o teñen, que as súas personalidades non están à altura que aquela requir. Trivializan a importancia dos cargos e a súa propia conduta; por non dicir que os desprecian ou prostituen (na segunda acepción do dicionario *Ir Indo* ou *Estraviz*). Reproducen mecánicamente, ano após ano e mentres están no cargo, método fotocopiadora, a conduta de sempre: o que “sempre se fixo”, “que mais dá”, “imos todos”, “convidaronme”, “non ten importancia”. Son escusas, cumpren respostas.

Mais non se trata somente dun problema de condutas patolóxicas individuais. Vé-lo deste xeito reduciría imerecidamente a súa importancia, e non sería suficiente. Estamos diante dunha escena de grupo, diante dunha “conduta grupal”, dunha conduta compartillada. Cada membro pode ser substituído por outro. E todo se desenvolve como se fose *normal*: así o mostrava a súa transmisión televisada, verdadeiramente embelesada, como se a televisión fose unha personaxe mais do grupo de actores, do “drama”. Todo iso demonstra que é o grupo quen acepta e obedece inquebrantável e cegamente unha *norma subxacente*, neste caso sobre a aconfesionalidade e neutralidade do Estado. É dicir, a *norma subxacente* pervive e impón-se polo grupo contra a manifesta e expresamente proclamada e imposta pola Constitución. Velái a maior gravidade e perigo.

Cumpre notar aquí que un dos convidados non pareceu no esperpento; e por iso merece ser salientado, e facé-lo por xustiza e con satisfacción: o Presidente da Real Academia da Lingua.

A conduta pública destes señores non queda no incumprimento do seu deber básico, estrita e exclusivamente civil, e non que nos parece a prostitución dos seus cargos. Ao mesmo tempo a súa conduta proxecta unha desconfianza na capacidade de coñecemento e comprensión dos cidadáns; o que ven ser un atentado contra a dignidade destes, de non tratar-se dun inopinado desprezo. Os cidadáns, católicos incluídos, están capacitados para comprender que os representantes non acudan como cargos públicos a actos relixiosos católicos, ou musulmanos, ou xudeus, ou “protestantes”. E que se nun tempo foi así, a cousa mudou con a Constitución democrática vixente. Se algun cidadán ou xefe de confesión relixiosa non soubese da aconfesionalidade do Estado, ou non a comprendese, en maos dos representantes oficiais deste fica a obriga de mostrar-llo. Teñan o valor de facé-lo e a decencia de se absteren, simplemente. Que polo que toca a hipotéticas necesidades de exhibición, poden estar tranquilos: teñen sitios suficientes en espazos e solenidades civís para reafirmar pátrias e Estado; que tamén estes son espazos escénicos.

A cuestión non para aí. A conduta confesional oficial e ostentosa dos nosos representantes, trivializada por eles con as repeticións mecánicas perpetradas anual ou bianualmente, en datas fixas, pretende lograr à súa vez a trivialización tamén da nosa capacidade de escándalo. Se a eliminaren, sentirían-se liberados do reproche que de seu leva o escándalo causado. À trivialización que pretenden poderíamos chegar de dúas maneiras: unha, se logran que non esperemos outra cousa deles; porque non esperando outra cousa, non nos escandalizamos, e os seus actos fican sen resposta, sen sequer decepción; outra, aínda que esperemos outra cousa, ensinando-nos a non nos escandalizar e a calar, que tamén a suxidade deixa de o ser se nos afacemos a ela. Penoso, duro e triste exercicio ascético de eutanásia cívica este que nos peden, cando estamos sans. Deste xeito, o resultado do enfrentamento contra o cisma ou esquizofrenia política que os señores padecen ficaría nun empate; neste caso en cinismo. A todo pode chegar-se se os señores non rectifican, abstendo-se, ou se os cidadáns non impedimos o seu cisma constitucional, ou non os castigamos des-votando-os.

Considerado canto antecede, parece non acertar quen plantexe que o estado da cuestión é o dun confronto de tradición contra modernidade. Mais acertado resulta, e desde logo máis exacto e preciso, que a cuestión está en ater-se ou non ater-se aos valores e preceitos democráticos e constitucionais vixentes. E de este punto de vista xurden as preguntas máis inquietantes, ou máis que preguntas:

Se estes señores se atreven, pública e ostentosamente, a *normalizar* unha conduta anticonstitucional en materia de aconfesionalidade do Estado, porqué havemos de esperar ou confiar en que non se conduzan así tamén no resto e oculto dos seus desempeños (actividade legislativa, executiva, xudicial e institucional)? Porqué temos que esperar que cando exercen a súa actividade noutras materias van prescindir de costumes e prexuízos contrários à Lei, e impor ou aplicar *normas subxacentes*? Se se atreven nun escenario, por qué non havían atrever-se fóra do escenario (“obsceno”)?. En consecuencia, agradecer deberían a nosa crítica, falta lles fai recuperar a *autoritas* e respeito perdidos. Rectifiquen. A sociedade ten dereito a iso.

### E ven o Papa

Alguns destes señores estarán dispostos a *perdérse-lo*? Terán a dignidade e a coraxe de se abster, ou senón de acudir en à liturxia espidos do seu cargo e rango e de se axonllearen, ben como persoas ou como cristiáns, nas bancadas dos fiéis? Xa non só o seu deber público, a súa fe católica, se profesan, non os exime de cumpriren os mandatos constitucionais: den a deus o que é de deus (a súa persoa, se queren), e ao César o que é do César (o cargo público).

## AS MENTIRAS SOBRE HIROSHIMA SON AS MENTIRAS DE HOXE

John Pilger

Cando fun a Hiroshima pola primeira vez, en 1967, aínda alí se encontrava a sombra nos degraus. Era unha imaxe case perfecta de un ser humano descontraído: as pernas esticadas, as costas dobradas, unha mao na cintura, encanto estaba alí sentada à espera que o banco abrise. Às oito e un cuarto da mañá de 6 de Agosto de 1945, ela e a súa sillueta ficaran gravadas a fogo no granito. Fiquei a ollar para aquela sombra durante unha hora ou máis, despois descín até ao río e encontrei un home chamado Yukio, que aínda tiña gravado no peito o padron da camisa que vestía cando caíu a bomba atómica.

El e a súa familia vivían nunha cabana enterrada na poeira de un deserto atómico. Descreveu un xigantesco clarón sobre a cidade, “unha luz azulada, como un curto-circuito eléctrico”, despois do que soprou un vento como un tornado e caíu unha chuva negra. “Fun lanzado ao chao e só reparei que os pés das miñas flores tiñan desaparecido. Estava todo calmo e silencioso e, cando me levantei, as persoas estaban todas nuas e non dicían unha palabra. Algunhas delas non tiñan pel, outras non tiñan cabelo. Tiven a certeza de que estaba morto”. Nove anos despois, cando voltei alí e o procurei, Yukio tiña morrido con leucemia.

Imediatamente despois da bomba, as entidades aliadas de ocupación proibiron calquer referéncia ao envenenamento por radiacións e afirmaron insistentemente que as persoas morreran ou sufreran danos unicamente pola explosión da bomba. Foi a primeira grande mentira. "Non hai radioactividade nas ruínas de Hiroshima", dicía a primeira páxina do *New York Times*, un clásico da desinformación e da subserviencia xornalística, que o repórteiro australiano Wilfred Burchett denunciou como o seu 'furo' do século. "Escrevo isto para alertar todo o mundo", noticiaa Burchett no *Daily Express*, cando chegou a Hiroshima despois de unha perigosa viaxe, o primeiro correspondente que se atreveu. Descreveu salas hospitalares cheas de persoas que non tiñan ferimentos visíbeis mais que morrían de unha cousa que el chamou "unha peste atómica". Por ter contado esta verdade, retiraron-lle a credencial de xornalista, foi ridicularizado e caluniado – e despois declarado inocente.

A bomba atómica de Hiroshima foi un acto criminoso a escala épica. Foi un asasinato de masas premeditado que ceivou unha arma de criminalidade intrínseca. Por causa diso, os seus defensores refuxiaron-se na mitoloxía da suprema "guerra boa", cuxo "baño ético", conforme Richard Drayton lle chamou, permitiu ao ocidente non só desculpar o seu sangrento pasado imperial mais promover 60 anos de guerra de rapina, sempre à sombra de A Bomba.

A mentira mais duradoura é que a bomba atómica foi lanzada para acabar con a guerra no Pacífico e salvar vidas. "Mesmo sen os ataques das bombas atómicas", concluiu o *Strategic Bombing Survey* dos Estados Unidos, en 1946, "a supremacía aérea sobre o Xapón podía ter exercido presión bastante para provocar unha rendición incondicional e evitar a necesidade de invasión. Con base nunha investigación pormenorizada de todos os feitos, e apoiada polo testemuño dos líderes xaponeses sobreviventes, é opinión do *Survey* que "... o Xapón se tería rendido mesmo que non tivesen sido lanzadas as bombas, mesmo que a Rúsia non tivese entrado na guerra e até mesmo se non tivese sido planeada ou contemplada calquer invasión".

Os Arquivos Nacionais de Washington conteñen documentos do goberno dos EUA que representan en gráfico as tentativas de paz xaponesas xa en 1943. A nengunha delas foi dado seguimento. Un telegrama enviado en 5 de Maio de 1945 polo embaixador alemán en Tóquio e interceptado polos EUA disipa todas as dúbidas de que os xaponeses estaban desesperados por suplicar a paz, incluíndo "a capitulación mesmo que as condicións sexan duras". En vez diso, o secretario americano da Guerra, Henry Stimson, dixo ao presidente Truman que "temía" que a forza aérea americana "bombardease" o Xapón de tal modo que a nova arma non puidese "mostrar a súa forza". Posteriormente recoñeceu que "non fora feito nengun esforzo, nen

sequer considerada seriamente a posibilidade de o facer, para conseguir a rendición sen ter que utilizar a bomba". Os seus colegas da política externa estaban ansiosos "por intimidar os rusos con a bomba que traíamos bastante ostensivamente à cintura". O xeneral Leslie Groves, director do *Proxecto Manhattan* que fixo a bomba, testemuñou: "Nunca tive a menor dúbida de que o noso inimigo era a Rúsia e que o proxecto foi orientado nesa base". Un día despois de Hiroshima ter sido arrasada, o presidente Truman manifestou a súa satisfacción polo "éxito esmagador" da "experiencia".

### À sombra de Hiroshima

Desde 1945, pensa-se que os Estados Unidos estiveron à beira de usar armas nucleares polo menos tres veces. Ao trazar a súa fictícia "guerra contra o terrorismo", os actuais gobernos de Washington e de Londres declararon estar preparados para facer ataques nucleares "preventivos" contra estados non nucleares. A cada avance para a meia-noite de un Armaxedón nuclear, as mentiras de xustificación son cada vez mais escandalosas. O Irán é a actual "ameaza". Mais o Irán non ten armas nucleares e a desinformación de que está a planear un arsenal nuclear provén sobretudo de un grupo da oposición iraniana, o MEK, patrocinado por unha CIA desacreditada – tal como as mentiras sobre as armas de destrución maciza de Saddam Hussein tiveron orixe no Congreso Nacional Iraquiano, montado por Washington.

O papel do xornalismo occidental en levantar este espantallo é fundamental. Que a *Defence Intelligence Estimate* da América teña dito "con un elevado grao de certeza" que o Irán desistiu do seu programa de armas nucleares en 2003, foi remitido para o buraco do esquecemento. Que o presidente do Irán, Mahmoud Ahmadinejad, nunca teña ameazado "varrer Israel do mapa" non ten nengun interese. Mais, tan grande ten sido a mística lenga-lenga dos medios de comunicación deste "feito" que, na súa recente representación subserviente perante o parlamento israelita, Gordon Brown aludiu a iso, cando mais uma vez ameazou o Irán.

Esta progresión de mentiras conduciu-nos a unha das mais perigosas crises nucleares desde 1945, porque a ameaza real mantén-se case imposible de referir nos círculos gobernamentais occidentais e portanto nos medios de comunicación. Hai apenas unha potencia nuclear desenfreada no Medio Oriente e é Israel. O heróico Mordechai Vanunu tentou alertar o mundo em 1986 cando forneceu provas de que Israel estaba a construír 200 oxivas nucleares. Desafiando as resolucións das Nacións Unidas, Israel está actualmente ansiosa por atacar o Irán, con receo de que unha nova administración americana poda, apenas poda, efectuar xenuínas negociacións com unha nación que

o ocidente leva caluniando desde que a Gran-Bretaña e a América derrubaron a democracia iraniana en 1953.

No *New York Times* de 18 de Xullo, o historiador israelita Benny Morris, outrora considerado un liberal e actualmente consultor da institución política e militar do seu país, ameazou con "un Irán transformado nun deserto nuclear". Iso sería un asasinato de masas. Para un xudeu, é unha ironía rechamante.

Impón-se a cuestión: imos nós todos ser meros espectadores, afirmando, como fixeron os bons alemáns, que "nós non sabíamos"? Imos esconder-nos cada vez mais por detrás

do que Richard Falk designou como "unha cortina legal/moral, beata, de unha única face" [con] imaxes positivas de valores e inocencia occidentais, apresentada como estando ameazada, validando unha campaña de violencia ilimitada"? Está outra vez na moda apañar criminosos de guerra. Radovan Karadzic está no banco dos réus, mais Sharon e Olmert, Bush e Blair non están. Por qué? A memoria de Hiroshima esixe unha resposta.

FONTE: <http://www.globalresearch.ca/index.php?context=va&aid=20532>

## BREVES .....

### 24-25 DE XULLO

A raíz dos incidentes acontecidos os días 24 e 25 de Xullo en Compostela, varios colectivos sociais e diversas formacións políticas galegas presentaron denuncias contra as forzas e corpos de seguranza do estado, nun casos por agresións, insultos, ameazas e vulneracións de dereitos lingüísticos ou ambulatórios, noutros por perturbación grave do desenvolvemento de reunión ou manifestación lícita.

A atitude agresiva dos axentes policiais denunciada por estas persoas e colectivos, fixera-se xa patente nos días previos.

O 21 de Xullo, na praza 8 de Marzo, onde a *Assembleia da Mocidade Independentista* (AMI) convocara un acto de preparación da Rondalla do día 24, os axentes rodearon e identificaron as 12 persoas ali congregadas (os homes foron submetidos tamén a rexistos corporais). Rexistaron bolsos e mochilas ao tempo que advertían da ilegalidade do acto e ameazaban con sancións no caso de este chegar a realizar-se. Todo isto sen se ter producido previamente incidente algun. Unha hora mais tarde o cordón policial foi levantado.

Pola súa parte, *Causa Galiza* e *Ceivar* afirman que a propaganda das súas respectivas convocatorias foi retirada por axentes da policía e a guarda-civil en varios puntos do país, sendo especialmente agresiva a atitude dos corpos policiais na comarca de Vigo.

Nesta cidade, dúas persoas (T.I. e M.R.) foron interceptadas bruscamente por un vehículo da PN a altura da Avenida Urzais cando colavan cartaces das dúas convocatorias. Os axentes pediron-lles identificación e a seguir, sen mediar explicación algunha, apropiáronse dos cartaces que aínda levaban.

Despois de comunicaren con a central, que os informaría da ausencia de calquer indicio de perigosidade, os axentes marcharon. Mais foi apenas para reapareceren pouco despois,

de maneira sorpresiva, e esixiren saber cal era o automóvel de M.R., sen dar novamente explicación algunha sobre o motivo do requerimento. Cando acabaron de rexistar o vehículo, os axentes confiscaron a propaganda que había no seu interior.

En varias ocasións os axentes esixiron a T.I. e M.R. que falasen en castellano. Cando estes lles pediron que se identificasen, a resposta foi: "cuando me lo pidas en español". Escusa con que evitaron ser identificados.

T.I. e M.R. presentaron denuncia no Xulgado de Guarda de Vigo por substracción e vulneración de dereitos fundamentais.

Tamén outro activista (J.F.) apresentou denuncia por motivos similares, mais ignoramos as circunstancias concretas que deron lugar a esa denuncia.

#### 24 de Xullo

O día 24 de Xullo, ás 22:10, as aproximadamente 150 persoas que acudiran à Porta Faxeira para participar na manifestación convocada pola organización xuvenil BRIGA, vironse tamén rodeadas por efectivos da Policía Nacional, que mostraron en todo momento unha atitude irrespetosa con elas e non aforraron comentarios ofensivos. Cando a manifestación chegou à Praza de Galiza, os axentes tentaron disolvé-la mais acabaron por aceptar que regresase à Porta Faxeira, desde onde estaba previsto que partise para a Rúa do Vilar. Chegada a este punto, os efectivos policiais impediron a marcha de continuar, apesar de os responsábeis da convocatoria advertiren que este percorrido fora comunicado à Subdelegación do Goberno da Coruña (que acusou recibo) e estaban portanto no exercicio do dereito de reunión e manifestación.

Nesa altura, facendo caso omiso da advertencia e sen aviso previo, os anti-distúrbios cargaron brutalmente contra as

persoas congregadas e feriron algunha delas. Polo menos catro destas persoas precisaron asistencia médica e presentaron posteriormente denuncia nos Xulgados de Fontiñas:

- H. B. S. sofreu hematoma de 17 x 7 cmts. na zona lumbar dereita, dous hematomas de 25 x 6 cmts. no glúteo e muslo dereito, un hematoma de 6 x 5 cmts. no ombro esquerdo, un hematoma de 15 x 6 cmts. na cadeira esquerda e un hematoma de 10 x 9 cmts. no cóbado dereito.

- L. A. V. sofreu contusión na fronte que lle produciu edema.

- M. A. A. M. sofreu contusións nas costas, ombro esquerdo e brazo dereito.

- M. F. A. sofreu ferida inciso contusa de 5 cmts. no cráneo, que precisou puntos de sutura, e múltiples contusións lonxitudinais no brazo e ombro dereito.

Con o obxectivo de determinar responsabilidades, no escrito de denuncia demanda-se que se ordene à Subdelegación do Goberno a remisión do informe sobre as instrucións dadas às forzas policiais e à Comisaría da Policía Nacional de Compostela informe en que se identifiquen todos os axentes que participaron no dispositivo de controle e na carga posterior.

Xunta-se ao escrito abundante material audiovisual, que documenta a atitude provocadora dos axentes e as agresións físicas a manifestantes desde o mesmo comezo da marcha.

Na denuncia salientase así mesmo que, na medida en que se trata de un dereito fundamental, a protección do dereito de reunión (Art.21 da CE) é máxima. O art. 514.4 C.P, que tipifica a conduta dos que “perturbaren gravemente o desenvolvemento de unha reunión ou manifestación lícita”, prevé penas de prisión de dous a tres anos se esa perturbación for levada a cabo con violencia, como segundo todos os indicios é aquí o caso.

Non foi este, contodo, o único acto reivindicativo que deparou con a prohibición policial. Tamén a manifestación organizada por AMI para esa mesma noite foi impedida de saír polos efectivos anti-distúrbios que rodearon con un cordón policial as aproximadamente 50 persoas que se reuniran na Porta Faxeira en resposta à convocatória desta organización xuvenil.

Posteriormente, xa de madrugada, 4 mozas foron identificadas, e as súas mochilas rexistadas, cando colocaban cartaces desta organización.

A que si pudo celebrar-se finalmente foi a *Cadeia Humana pola Liberdade dos Presos Independentistas* convocada pola organización *Ceivar*, apesar de que a última hora fora expresamente prohibida pola Delegación do Goberno e apesar da orde dada polos responsábeis policiais de disolver a concentración. Despois de identificaren unhas 30 persoas, incluído un advogado cuxa presenza fora requerida para prestar asistencia legal, e rexistaren bolsos e mochilas, os axentes permitiron a celebración do acto nun ambiente de máxima tensión.

## 25 de Xullo

Como xa acontecera o pasado ano, a manifestación convocada por *Causa Galiza* percorreu as ruas de Compostela cercada por un forte dispositivo policial. A Praza do Toural, lugar de chegada da marcha, foi literalmente tomada por unidades da PN, que impediron tamén a circulación de manifestantes pola rua do Franco aínda que esta permaneceu aberta a outros traseuntes.

A repercusión mediática do caso da xornalista andaluza que primeiro foi bruscamente emendada por un axente que a ouviu perguntar pola Pescadería Vella (“Se llama Pescadería Vieja y tú, que eres de fuera, deberías saberlo”) e despois directamente ameazada (“Corre, no vaya a ser que te demos unas hostias”), facilitou que este ano outros casos similares tamén encontrasen un oco nos media. Tal foi o caso doutra xornalista tamén intimidada por un axente cando estaba en compañía doutras catro persoas. O axente, dirixindo-se a ela, preguntou se tiña algún problema por que el non falase galego, para a seguir acrescentar entre gargalladas: “A ver si camináis tan lento cuando vaya detrás de vosotras. Tú, con lo gorda que estás, seguro que debes de andar cerca de los noventa kilos”.

Pola súa parte, a *Mesa pola Normalización Lingüística* (MNL) dirixiu escrito à Delegación do Goberno e anuncia a presentación de unha denuncia no xulgado despois de ter tido coñecemento das queixas de persoas que afirman que axentes da PN limitaron ou agrediron os seus dereitos o día 25. Estes axentes, denuncia a MNL, non só reprenderon algúns individuos por falaren en galego senón que tamén impediron o acceso a determinadas prazas da zona vella de Compostela a persoas que levaban bandeiras galegas. Despois de lembrar que non é esta a primeira vez que a MNL se vé obrigada a presentar queixa polo comportamento antidemocrático e incívico de axentes da PN, sen que por agora a Delegación do Goberno teña tomado medida algunha para corrixir esta situación, a MNL demanda a abertura de unha investigación transparente, profunda e imparcial sobre os repetidos casos de criminalización da lingua galega e dos símbolos galegos por parte dalgúns axentes da Policía Nacional e a adopción das medidas precisas para corrixir esta situación.

Na entrada da Praza do Obradoiro, unha activista de EsCULcA (E.S.) que distribuía manifestos a favor da laicidade foi abordada por un axente da PN que lle ordenou distanciarse del uns 150 metros. A evidente arbitrariedade da orde e a forma groseira en que esta foi formulada fixeron con que E.S. tomara nota do número de placa do axente, que reaccionou pedindo à súa vez identificación a E.S. apesar de a activista non ter cometido infracción alguna, segundo recoñeceu o propio axente ao ser preguntado por Fernando Blanco Arce, advogado de EsCULcA.

Posteriormente, E.S. compareceu na comisaria de Compostela para presentar denuncia e pudo ver como chegava o axente con un compañeiro. Cando foi chamada a declarar, comunicaron-lle que entretanto os axentes presentaran denuncia contra ela, o que a impedía de declarar como denunciante. Apesar das protestas (orais e escritas) do advogado, como o axente que atendía se negou rotundamente a recoller a súa declaración como denunciante, E.S. deixou por escrito o relato dos feitos, texto que, por falta de "intérprete" na comisaria, escribiu ela directamente a maos.

## **O TC OUTORGA AMPARO A PRESO GALEGO**

En liña con anteriores sentenzas deste mesmo órgano, a Sala Segunda do Tribunal Constitucional (TC) acordou o pasado 18 de Xullo outorgar a D. Santiago Vigo Domínguez o amparo solicitado contra o sobresimento provisório e o arquivo das dilixencias seguidas en virtude da denuncia por maus tratos que este formulara o 20 de Xullo de 2008 perante o Xulgado de Instrución núm. 2 de Aranjuez.

Lembran os autores da sentenza que o TC xa se pronunciou en varias ocasións sobre as esixencias derivadas do dereito à tutela xudicial efectiva neste ámbito afirmando que se vulnera ese dereito nos casos en que non se abre ou se clausura a instrución cando existen "suspeitas razoáveis de que pudo ter sido cometido o delito".

"A respeito da investigación de indicios de tortura ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes sufridos sob custodia de autoridades policiais, dos Acordos internacionais asinados por España e do propio teor do art. 15 CE desprende-se un especial mandato de esgotar cantas posibilidades razoáveis de indagación resulten útiles para esclarecer os feitos", afirma-se na sentenza. Mandato que non se executou no caso da denuncia formulada polo Sr. Vigo.

### **Os feitos denunciados**

Os feitos obxecto da denuncia aconteceron o 14 de Xullo de 2008, cando, despois de manter unha comunicación vis-à-vis con os seus pais e irmao, funcionarios do centro penitenciario Madrid VI, onde na altura estaba interno, cominaron o Sr. Vigo a despir-se para lle ser practicado un rexisto integral. Unha vez despido, e como resposta à súa solicitude de unha bata ou prenda con que poder cubrir-se, os funcionarios contestaron-lle literalmente "queremos verte el culo y la polla, por tanto, ponte en posición propicia para ello". Perante a negativa do Sr. Vigo a facer o que se lle ordenava, os funcionarios arremeteron contra el con pontapés e puñadas e despois trasladaron-no ao

módulo de isolamento, onde continuaron os maus tratos e insultos e onde permaneceu mais de cuarenta e oito horas. O día 17 de Xullo foi recoñecido por un médico da prisión, quen emitiu parte de asistencia por lesións en que fai constar a existencia de varios hematomas e erosións.

O Sr. Vigo solicitou do Xulgado nº 2 de Aranjuez a abertura de investigacións ao obxecto de poder apurar as responsabilidades penais a que houber lugar, interesando que se lle tomase declaración en calidade de denunciante, que se lle practicase exame médico forense para determinar o alcance das súas lesións, que se librase o oportuno oficio ao Director da prisión para que facilitase a identificación dos funcionarios que participaron nos feitos denunciados e se xuntasen à causa os informes emitidos polo médico-forense.

O Xulgado acordou abrir dilixencias prévias e solicitou informe ao Director, informe que este remeteu o 1º de Xullo acompañado dos correspondentes partes médicos e partes de incidencias.

No seu relato dos feitos, aínda que recoñece que o Sr. Vigo fora instado por funcionarios do centro a despir-se, o director da prisión ofrece unha versión ben diferente. Segundo el, os funcionarios terían ofrecido ao Sr. Vigo a bata regulamentar e este, mostrando-se agresivo, teríase negado a despir-se, o que os obrigou reduci-lo pola forza e conduci-lo ao módulo de isolamento. Prova de que non houbo maus tratos, argumenta, é que o facultativo da prisión que recoñeceu o mesmo día 14 de Xullo o Sr. Vigo non detectou lesión algunha, esquecendo asinalar que ese recoñecemento foi feito inmediatamente despois dos feitos que provocaron a denuncia e que, se algo mostran, é que o denunciante non tiña lesión física algunha antes do incidente pois as contusións tardan un tempo en se tornarense visíbeis.

Si recoñece o director, no entanto, que no decurso de unha consulta periódica posterior (o 17 de Xullo), o médico detectou as lesións a que alude o Sr. Vigo no seu escrito de denuncia.

### **O TC outorga o amparo**

Finalmente, dous anos decorridos desde o momento en que aconteceron os feitos e despois de teren sido desestimados os sucesivos recursos, alegando-se nalgunha ocasión "falta de toda credibilidade", o TC acordou o pasado 19 de xullo outorgar o amparo solicitado e, en consecuencia, recoñecer ao Sr. Vigo que foi vulnerado o seu dereito à tutela xudicial efectiva en relación con o seu dereito a non ser submetido a torturas nen a tratamentos desumanos ou degradantes, restabelecendo portanto na integridade o seu dereito e retrotraer as actuacións ao momento anterior ao ditado do primeiro dos autos para que o



Xulgado de Instrución núm. 2 de Aranjuez proceda en termos respetuosos con os dereitos fundamentais vulnerados.

Cumpre sinalar que neste caso o Ministerio Fiscal apoiou o outorgamento do amparo solicitado, argumentando que, tal como denunciara o Sr. Vigo, a decisión xudicial de sobreeser e arquivar a causa penal non estivo precedida de unha investigación xudicial suficiente e efectiva. Para probar este argumento, subliña por unha parte o carácter verosímil do relato do denunciante -apoiado nas lesións que certifica e na firmeza mantida na súa atribución a funcionarios do centro penitenciario- e pola outra o feito de, apesar destes indicios, non se ter acordado a práctica de nengunha dilixencia de investigación como, por exemplo, tomar declaración aos funcionarios interesados ou aos facultativos que expediron os respectivos partes.

Argumentos que os maxistrados do TC retoman na súa sentenza, onde así mesmo salientan que nas ocasións anteriores en que tivo de se pronunciar sobre as esixencias derivadas do dereito à tutela xudicial efectiva en relación con as decisións xudiciais de sobreesimento e arquivo de causas penais incoadas por denuncias de torturas ou de tratamentos desumanos ou degradantes "este Tribunal destacou, seguindo a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos sobre este particular (...) que o dereito à tutela xudicial efectiva de quen denuncia ter sido vítima de torturas ou de tratamentos desumanos ou degradantes esixe unha resolución motivada e fundada en Dereito e acorde con a proibición absoluta de tais condutas, en que se 'há de ter en conta a gravidade da quebra desta proibición e o tipo de actividade xudicial necesaria para a preservar, dadas a súa difícil detectabilidade e a especial dependencia a respecto desa actividade xudicial da indenidade da dignidade da persoa, obxecto central de protección da proibición. É de salientar en tal sentido que se trata de unha tutela xudicial dobremente reforzada que non acha comparación noutras demandas de auxilio xudicial, pois se pede a tutela xudicial fronte à vulneración de un dereito fundamental que constitui un dereito absoluto cuxa indenidade depende esencialmente desa tutela xudicial".

Esta xurisprudencia, argumentan os maxistrados da Sala 2ª, subliña tamén que nestes casos "o dereito à tutela xudicial efectiva só se satisfai se se produz unha investigación do denunciado que sexa à súa vez suficiente e efectiva, pois a tutela que se solicita consiste inicialmente en que se indague sobre o acontecido".

"Tais suficiencia e efectividade só poden ser avaliadas con as circunstancias concretas da denuncia e do denunciado, e desde a gravidade do denunciado e a súa previa opacidade, trazos ambos que afectan o grau de esforzo xudicial esixido polo art. 24.1 CE", concluen.

## CIDADANIA TRANSPARENTE

O pasado 18 de Agosto, Fernando García Fernández, Secretario Nacional da CIG-Autónomica apresentou denuncia perante a Axencia de Protección de Datos (AEPD) pola cesión de expedientes da Lei de Dependencia e datos sensíveis neles contidos, sen o consentimento das persoas interesadas, a unha empresa privada (*Indra Sistemas*) a que foi adjudicado un contrato polo procedemento negociado sen publicidade para realizar o servizo de revisión e simplificación do procedemento de atención à dependencia da Consellaria de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza.

Entre os datos destas persoas que a Consellaria de Traballo e Benestar transferirá à empresa figuran os informes de condicións de saúde da persoa afectada, informes sociais de valoración da dependencia, declaración das persoas que as cuidan así como de responsáveis patrimoniais.

Significativamente, a Consellaria de Traballo e Benestar parece querer compensar esta irresponsábel transferencia de información privada con o secretismo mais absurdo cando se trata da empresa, da que nun primeiro momento se negou a revelar mesmo o nome.

## PODER OPACO

Colectivos ecoloxistas denuncian a que consideran política obscurantista da Xunta de Galiza no que di respecto à información sobre os incendios florestais deste verao e outras materias ambientais.

A Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso à información, de participación pública e de acceso à xustiza en materia de medio-ambiente (que incorpora as Directivas 2003/4 CE e 2003/35 CE) prevé un prazo máximo de un mes para a administración responder calquer petición de información realizada através de rexisto, tanto no caso de esta resposta ser positiva como, en caso contrario, para explicar os motivos da demora ou denegación da información requerida.

Entre os meses de Abril e Xullo deste ano, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) cursou varias solicitudes que aínda non tiveron resposta:

- Solicitud de información à Delegación da Xunta en Ourense sobre as características do biocida empregado para o tratamento da praga dos carvallos (19 de Abril de 2010).
- Solicitud oficial de información à Dirección Xeral de Conservación da Natureza, através do organismo representativo do Consello Galego de Desenvolvemento Sus-

tentável (COGAMADES) sobre as previsións de ampliación da Rede Natura 2000 e o número e estado dos Planos de Conservación e Recuperación das especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (21 de Maio de 2010).

- Solicitude de información a Águas de Galiza e à Consellaria de Indústria sobre o estado de tramitación dos aproveitamentos hidroeléctricos solicitados por Ferroatlántica no Xallas (14 de Xullo de 2009. Reiterada o 10 de Xuño de 2010).
- Solicitude de información à Consellaria de Meio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre a composición dos biocidas, as medidas de seguranza e a localización das estradas fumigadas con herbicidas (8 de Xullo de 2010).

A lei establece tamén que en caso de reclamación do solicitante por incumprimento do prazo asinalado o estado podería impor multas de até 6.000 euros ao organismo infractor (que loxicamente acabaría pagando o erário).

## **DIREITO AO ANONIMATO PÚBLICO**

A *Comissão Nacional de Protecção de Dados* (CNPD) portuguesa impediu o pasado mes de Xullo a instalación de 113 cámaras de vídeo-vixilância en varios bairros do municipio da Amadora por considerar o proxecto "altamente intrusivo", nunha Resolución que merece ser comentada pola súa opción a favor da defensa das liberdades cívicas fronte ao intrusismo abusivo dos poderes públicos.

"Uma vez combinada com meios tecnológicos de busca inteligente" -argumenta a CNPD na súa Resolución- "a captura de imagens pelas câmaras instaladas em pontos estratégicos da cidade abre sem dúvida o caminho para a implementação de formas de *tracking* dos cidadãos e para a constituição de perfis quanto à sua vida privada e familiar".

"A instalação do sistema de videovigilância virá afectar ainda o direito de qualquer pessoa circular anonimamente nas ruas, ou o direito ao anonimato público, que decorre da articulação dos direitos ao livre desenvolvemento da personalidade e à intimidade da vida privada e familiar", subliña a CNPD para fundamentar a súa decisión de contrariar as intencións do concello socialista, que pretendía vixiar os movementos dos cidadáns de todas as parroquias do municipio con cámaras que, caso de se instalaren, chegarían a captar cerca de 322 planos diferentes das ruas e prazas da cidade, con ruas vixiadas nalguns casos con 7, 8 e mesmo 9 cámaras à vez.

O funcionamento do sistema tornaría provável que calquer persoa con unha vida activa pudesese ser filmada decenas de veces. A Resolución concluí que, comparados os sacrificios impostos aos dereitos persoais afectados con os beneficios eventualmente obtidos polo sistema proposto polo grupo do PSP do concello da Amadora, "os primeiros excedem manifestamente os segundos".

Por outra parte, a CNPD, baseando-se en estudos sobre as consecuencias dos sistemas de vídeo-vixilância instalados na Gran-Bretaña e nos Estados Unidos, afirma que os resultados mostran que "em ambientes suburbanos, a instalação de câmaras fixas tende a restringir sobretudo o exercicio na via pública das liberdades cívicas das franjas ou grupos desfavorecidos da sociedade".

Canto ao proxecto do alcalde, a Comissão di que "se nos recordarmos que na fundamentação do pedido, a Divisão da Amadora da PSP alude à dificuldade por ela sentida em separar os suspeitos dos crimes do resto dos residentes dos bairros e da população trabalhadora em geral, torna-se possível afirmar que este risco de violação do princípio da igualdade no exercicio dos dereitos persoais não é totalmente imaginário".

FONTE: <http://www.esquerda.net>

## **ACESO À INFORMACIÓN E SECRETISMO**

O anuncio da intención do goberno español de aprovar o 20 de Agosto o anteproxecto da chamada "Lei de Transparencia e Acceso dos Cidadáns à Información Pública", suscitou de inmediato a reacción da plataforma *Access Info Europe*.

"Até o momento toda a información que temos sobre esta lei procede de filtracións nos medios de comunicación", advertiu Helen Darbishire, directora de *Access Info*. "Esta é precisamente a cultura que ten que mudar para permitir que os cidadáns fiscalicen o goberno e participen na tomada de decisións de unha maneira digna de unha democracia moderna".

O Reino de España é o único estado de Europa con mais de un millón de habitantes que aínda non garante o dereito de acceso à información pública e, segundo a información divulgada por algúns medios, mesmo con a nova lei, continuará estando por atrás de moitos outros estados nalguns aspectos. Por exemplo, o tempo que terán as institucións públicas para contestar, que será de 30 días, con posibilidade de o prolongar até 60, é moi superior à média europea (14,5 días).

"Como cidadáns, cando recibemos cartas da administración, temos como regra 10 días para responder. Parece razoável esixir paridade neste sentido", afirma Darbishire.

## MECANISMO CATALÁN DE PREVENCIÓN DA TORTURA

O pasado 28 de Xullo, o pleno do *Parlament de Catalunya* elegiu os membros do *Consell Assessor del Síndic de Greuges per a la Prevenció de la Tortura i altres Tractes o Penes Cruels*, formado por 10 persoas propostas por diversos colectivos e entidades: dúas polos coléxios de advogados e outras dúas polos coléxios de profesionais do ámbito da saúde; catro propostas por organizacións civís e dúas polos centros de investigación en materia de dereitos humanos. A estas dez persoas hai sumar outras dúas definidas como profesionais con experiencia no ámbito de prevención da tortura e no traballo con persoas privadas de liberdade.

Por 67 votos a favor, 63 en contra e 3 abstencións, o *Parlament* escolleu a candidatura presentada polos grupos parlamentares *Socialistes - Ciutadans pel Canvi*, *Esquerra Republicana de Catalunya* e *Iniciativa per Catalunya Verds - Esquerra Unida i Alternativa*, que concorria contra outra presentada por *Convergència i Unió*.

No entanto, todo o proceso de designación deste consello asesor, que se axustou aos requisitos formais contemplados no Protocolo Facultativo à Convención para a Prevención da Tortura, podería ser declarado nulo en caso de prosperar o recurso de inconstitucionalidade presentado polo *Defensor del Pueblo* español (DP) contra algúns artigos da Lei do parlamento catalán do 23 de Decembro de 2009 que desenvolve o artigo 78 do Estatuto (onde se regulan as funcións do *Síndic del Greuges*). Un dos artigos recorridos polo DP é precisamente aquel que atribuíu a este organismo a condición de "autoridade catalá" para a prevención da tortura e outros tratamentos desumanos ou degradantes.

Interesa lembrar aquí que hai xa un ano o goberno español fixo recair a titularidade do *Mecanismo Nacional de Prevención contra la Tortura* (MNPT) precisamente na oficina do *Defensor del Pueblo* mediante a inclusión de unha nova e moi breve Disposición final única a Lei Orgánica 3/1981. Nesta Disposición, o executivo adiaa o desenvolvemento das funcións deste espectral *Mecanismo* à aprobación de un regulamento posterior.

No entanto, un ano decorrido desde ese semi-clandestino acto constituínte, o prometido Regulamento continua sumido no mais profundo dos segredos xunto con o propio MNPT, do que non consta noticia pública algunha sobre a súa eventual constituición e funcionamento. Non se sabe se existe, se -caso de existir- realizou xa algunha visita a persoas detidas nalgún centro de detención, se manexa algún proxecto de protocolo de actuación, se está previsto constituir un Consello asesor similar ao catalán nen se está previsto iniciar un proceso de designación de persoas para constituir ese consello ou o propio mecanismo. O silencio é absoluto.

O único que se sabe ao certo é, paradoxalmente, que en Abril deste ano o Tribunal Constitucional admitiu a trámite o

recurso de anticonstitucionalidade presentado polo *Defensor del Pueblo* contra a decisión de atribuír ao *Síndic* as funcións do MNPT en Catalunya.

## SINDICATOS VASCOS APOIAN BDS

O pasado 9 de Xullo as centrais sindicais vascas deron a coñecer un manifesto conxunto de apoio e adhesión à campaña global BDS.

"En concordancia con a tradición dos sindicatos vascos de luta pola xustiza, a igualdade e os dereitos humanos, mediante este documento os sindicatos vascos ELA, CCOO, LAB, UGT, ESK, STEE, HIRU, EHNE, CGT, LSB-USO e CNT fan pública a súa adhesión à Campaña BDS (Boicote, Desinvestimentos e Sancións) contra o Estado de Israel, e comprométese a non colaborar con a política de *apartheid* en Palestina e a ocupación ilegal nos seus territorios.", afirma-se no documento.

Os sindicatos consideran "unha ferramenta lexítima impulsar na medida das súas posibilidades a campaña Global de Boicote, Desinvestimentos e Sancións contra o Estado de Israel até este cumprir o dereito internacional".

As organizacións sindicais vascas esixen do Estado de Israel:

- A finalización da ocupación militar de Palestina.
- A paralización e destrución do muro de Cisjordania.
- O fin do sistema de discriminación racial.
- O levantamento total e definitivo do bloqueio a Gaza.
- O recoñecimento do dereito ao retorno para as persoas refuxiadas.

## INICIATIVAS CIVIS CONTRA O BLOQUEO

O ataque de Israel à *Frota da Liberdade* e a imoral pasividade dos gobernos occidentais non parecen ter desanimado as organizacións e persoas que, cada vez en maior número, se mostran dispostas a impedir activamente que Israel consome a limpeza étnica do pobo palestino.

Ben ao contrario, nestes momentos están xa en marcha varios proxectos para enviar novos barcos a Gaza que tentarán novamente romper o bloqueio e entregar à poboación material de primeira necesidade. Entre eles, estes tres:

### Ship to Gaza

Este grupo sueco pretende enviar à Faixa un cargueiro con bens básicos da Escandinavia, pasando por portos da Europa e Mediterráneo. Nos portos visitados polo cargueiro serán realizados eventos culturais e debates públicos en colaboración

con grupos locais. En Gaza, a recepción e distribución da axuda será administrada por organizacións non-filiadas politicamente.

A plataforma está aberta a persoas e organizacións activas na Suécia e no resto da Europa dispostas a dar apoio aos obxetivos do *Ship to Gaza* e a pagar unha anualidade (que será determinada no encontro anual e aprobada pola dirección).

*Ship to Gaza* é unha organización de acción pacífica e sens fins lucrativos. Non está filiada a organizacións políticas ou relixiosas e pretende promover e desenvolver o respecto polos dereitos humanos e a lei internacional. Interpreta a emerxencia humanitaria en Gaza como fruto de unha estratexia política.

Contacto: [info@shiptogaza.se](mailto:info@shiptogaza.se)

### Rumbo a Gaza

*Rumbo a Gaza* é unha iniciativa impulsada por persoas de diferentes cidades do estado español que queren manifestar a súa solidariedade con a poboación de Gaza de maneira activa e eficaz, rompendo o embargo que a mantén afogada. Entre estas persoas están Manuel Tapial e Laura Arau, activistas que recentemente participaron na *Frota da Liberdade*, así como persoas vinculadas a organizacións sociais, políticas, sindicais, culturais e filantrópicas.

O obxectivo da campaña é fretar 2 barcos que transportarán 200 persoas e 2000 toneladas de axuda humanitaria. À chegada a Faixa, a carga será entregada à UNRWA para que esta xestione a súa distribución. Entre as que xa se comprometeron a participar na travesía hai persoas do mundo do espectáculo, do xornalismo, sindicalistas e activistas sociais que con a súa presenza pretenden denunciar a insustentábel situación a que está submetida a poboación de Gaza.

Entre Outubro de 2010 e Maio de 2011 a plataforma desenvolverá diferentes actividades de sensibilización e recollida de apoios en todo o estado.

Agora mesmo xa está aberta unha conta para quen queira facer unha doazón: 3035 0395 16 3950002133.

Mais información: <http://www.culturaypaz.org/rumbo-a-gaza>.

### O Mariam

Baptizado en honra a unha figura sagrada para o cristianismo e o islam, o *Mariam* zarpará do Líbano así que as autoridades greco-chipriotas autoricen atracar o barco no seu porto para poder saír desde ali rumbo a Gaza. Unha viaxe directa desde o Líbano, "que non levaría máis de unhas horas", comenta Samar el Hajj, a responsable da travesía, sería considerada como un acto de guerra e portanto Israel tería a escusa para repelir o barco con violencia.

No *Mariam* viaxarán 70 mulleres de 15 nacionalidades diferentes, 40 delas libanesas. Advogadas, monxas, enfermeiras, donas de casa, estudantes, doutoras... unidas por unha relixiosidade

plural (sunis, xis, cristiás, drusas e mesmo budistas) e o comun desexo de acabar con o bloqueo da Faixa. Levarán a bordo 1700 toneladas de medicamentos contra o cancro, material educativo, cueiros, leite infantil e algúns brinquetes.

Despois de venceren numerosos obstáculos, entre os máis serios a presión de Europa, que impediron a misión de zarpar en Xuño como estaba previsto, agora contan poder iniciar a travesía en breve. Irán escoltadas polo *Naji al Ali*, o barco baptizado en honra de un poeta palestino en que viaxarán 40 xornalistas.

O goberno israelita xa anunciou que considera calquera tentativa de romper o bloqueo unha provocación e o seu ministro de Asuntos Estranxeiros, Avigdor Lieberman, pediu aos seus homólogos europeos, entre eles Moratinos, que convenza as autoridades libanesas de impedirem a partida do *Mariam*.

Mais información en <http://periodismohumano.com/en-conflicto/%C2%BFy-si-la-virgen-rompe-el-cerco-de-gaza.html>

## E ISTO NON É PIOR QUE UN CÁRCERE?

Elvin non chora, non suspira nen sequer se lamenta. Apenas quer alzar a voz encanto está recluído en condicións insalubres. "Non teño nada que perder, por iso quero que antes de ser deportado a xente saiba o que acontece aquí dentro". Elvin Andrés Ruiz é un mozo boliviano de 25 anos que se atreveu a contar a este xornal [*Nodo50*] o que acontece no Centro de Internamento de Estranxeiros (CIE) de València.

Para Elvin, o que debería ser un centro de acollida é algo peor que un cárcere. "Aquí non temos nada que facer, apenas vemos os días pasaren e en condicións pésimas". Os internos critican que viven ateigados e sen teren case garantías sanitarias.

"Apenas tres latrinas, tres billas e seis duchas: só iso para os máis de 100 internos" conta. A limpeza é moi escasa e os urinarios son un foco de infección constante. Iso cando poden ir ao baño, xa que durante as nove horas en que permanecen encerrados na cela non teñen acceso às latrinas. "Mexa nunha garrafa se queres", din os axentes (carcereiros?). Cumpre lembrar que no CIE hai persoas recluídas por unha falta administrativa (por non ter papéis) e que, por regra xeral, non cometeron delito algun. Elvin explica que a policía chega a berrar-lhes, facendo chorar as persoas que non saben o que vai ser delas. "Os transtornos están à orde do día, hai moitas persoas que se deprimen e nunca interveñen psicólogos nen se lles presta atención algunha".

### Maus tratos policiais

Nas tres semanas que pasou dentro do CIE, Elvin viveu varias situacións violentas. A primeira delas foi cando Said, un xoven marroquino, quixo suicidarse utilizando os lenzois como

cordas, tiña a mai moribunda en Marrocos e quería ir dar-lle o último adeus. Os compañeiros ameazaron con unha folga de fame que acabou con a intervención dos anti-distúrbios e un encerro xeral dos internos durante case 12 horas.

Outro caso é o de Murhi Naye, un senegalés de 32 anos que ten unha contusión na cabeza e precisa unha medicación específica que non se lle proporciona. Segundo Elvin, cando se negou a saír do cuarto porque estaba doente foi encerrado durante dous días nun calabouzo de dous metros cadrados. "A tensión é constante, as condicións son terríveis. Non hai sitio para atender as máis de 100 persoas durante 60 días", acrescenta Elvin.

Como os policías non comunican a data en que a orde de expulsión vai ser executada, os internos non teñen tempo para avisar os seus advogados. "Simplesmente entran de madrugada sen previo aviso. Sen che deixaren facer unha chamada levan-te directamente ao aeroporto".

### "Só quero dignidade"

Esta sexta-feira pode que se execute a orde de expulsión de Elvin. Provavelmente chegará a Bolívia con algunhas imaxes que permanecerán na retina para sempre: aquela de cando viu un policía dar un pontapé nas costas ao seu compañeiro Rubén ou aqueloutra de un interno paquistanés espancado no peito, cando estaba comendo, por non saber español. Tampouco esquecerá a imaxe desa garrafa que lle servía de penico nas longas noites de encerro e sede. Iso si, deste lado do charco deixará unha denuncia que día a día foi traballando nas súas horas de encerro: medindo cuartos, contando as súas latrinas e todo para que ninguén máis sexa tratado como el: "Eu só quero que se saiba isto polo sentido da dignidade de nós: somos persoas".

### Por que o chaman "Guantánamo español"?

Eis as razóns:

- Nove horas encerrados sen poderen saír nen ao baño. Hai un total de 21 celas que meden 4 metros de largo e 5 de longo. En cada unha delas aloxan-se até 8 internos en 4 liteiras e pasan dentro até 9 horas encerrados. Para urinare usan garrafas como único recurso.
- Non hai auga potábel. En València non se recomenda beber auga da billa e os internos non dispoñen de auga engarrafada, só a reciben nas horas da comida.
- Só hai 7 urinarios para 120 persoas. Reducen-se a 3 cando os internos están fora das celas porque os funcionarios fechan a zona. Para poderen defecar non teñen W.C., apenas seis buracos que non chegan a ser nen latrinas e que se convierten nun grande foco de infección.
- Ven a luz dúas horas ao día. Saen ao pátio unha hora pola mañá e outra pola tarde sen nengun tipo de acti-

vidade. No pátio hai tres lavadoras para máis de un cento de internos.

- Hai apenas 6 duchas que funcionan só durante 1 hora e media. En ocasións a auga sai a ferver.
- No hai atención psicolóxica. Denuncian que nen sequer teñen atención médica de nengun tipo durante o fin de semana.

FONTE: <http://www.nodo50.org>

## NÉGOCIOS E SEGURANZA

Ben Hayes

O Programa Europeo de Investigación en Seguranza (ESRP nas súas siglas en inglés) ten un orzamento de 1.400 millóns de euros e dous obxectivos: mellorar a seguranza europea e estimular o crecemento de unha industria de seguranza en Europa competitiva no ámbito internacional. Infelizmente, na súa presa por beneficiar do *boom* da seguranza interna, a UE privatizou o deseño da súa axenda de investigación favorecendo algunhas empresas con claros intereses no sector.

Así, apesar do seu carácter público, o ESRP -para o que foron criados órganos fora da estrutura formal da UE onde non chega o escrutinio parlamentar nen outros controles democráticos- acabou por ser un programa deseñado por *lobbys* e para *lobbys*. As mesmas empresas convidadas a definir os seus obxectivos e prioridades anuais son as candidatas a beneficiar dos subsidios previstos. Entre elas, xigantes da industria de defensa como *Thales*, *Finmeccanica*, *EADS*, *Sagem Défense Sécurité* e *ASD* (o grupo de presión europeo máis importante da industria de defensa), multinacionais ás que a Comisión Europea pide axuda para definir a axenda do programa, desenvolver as estratexias securitarias internas e pór no mercado as novas tecnoloxias.

O ESRP foi concebido polo chamado "Grupo de personalidades", un órgano consultivo constituído en 2003 e formado por algúns dos empresarios europeos máis importantes da industria de defensa e IT gratos à OTAN, ao comité militar da UE e à *Rand Corporation*. A primeira preocupación do grupo foi establecer a magnitude do investimento dos EUA en I+D en materia de seguranza interna e, despois de constataren que estes lideraban o desenvolvemento das "tecnoloxias e equipamento que poderían satisfacer algunhas das necesidades de Europa", chegaron à conclusión que iso situava as multinacionais norteamericanas nunha "posición fortemente competitiva".

En ausencia de unha base legal clara de financiamento, o ESRP foi incorporado ao 7º Programa-cadro de Investigación da UE, dotado con 50,5 mil millóns, ao tempo que se estableceron

outros dous organismos de investimento en que participan funcionarios gobernamentais, "expertos" en seguraza e empresas cuxa función é asesorar sobre o desenvolvemento do programa.

40 proxectos (o 47% dos 85 contratos licitados até finais de 2008 -uns 210 millóns de euros aproximadamente) foron adjudicados a empresas do sector de defensa. Incluídos os 20 millóns de euros do proxecto *Talos*, que desenvolverá e probará "un sistema celular, modular, escalábel, autónomo e adaptábel para protexer as fronteiras de Europa" usando "veículos aéreos e terrestres non tripulados, supervisados por un comandante e un centro de control". Segundo o resumo do proxecto, robots de combate especialmente supervisados por axentes "tomarán automaticamente as medidas necesarias para impedir actividades ilegais nas fronteiras".

Alguns dos proxectos visan a implementación da lexislación sobre a inclusión de impresións dixitais nos pasaportes europeos e a creación de sistemas de documentos de identidade biométricos. Neste caso, o principal beneficiario foi o *Forum Biométrico Europeu*, un grupo "paraguas" de empresas fornecedoras "cuxa perspectiva comun é situar a UE como líder en excelencia biométrica mediante o levantamento de barreiras protectoras do mercado".

A investigación da UE, que ten un crecente impacto na axenda política, promove a difusión de tecnoloxías que poden conducir a violacións sistemáticas dos dereitos fundamentais subxectivos, incluíndo a militarización dos controles de fronteiras, as tecnoloxías de vixilancia e trazado de perfil de cada individuo, a ampla captación e análise de datos persoais, os sistemas de gravación automáticos, a vixilancia via satélite, así como instrumentos para a xestión de crises.

É evidente que non todos os proxectos do ESRP son igualmente polémicos. Moitas destas novas tecnoloxías reportan beneficios sociais. Mais, mesmo en ámbitos importantes como o da protección e xestión de crises, as investigacións militares acaban amiúde xogando un papel protagonista.

Será talvez isto o que necesitamos para reactivar a economía mundial?

Unha nova corrida armamentística, con as armas apondo para o interior.

FONTE: *The Guardian* (28/09/2009)

## A PILLAXE DOS NÓS DADOS

À terceira foi de vez. Con a mudanza de campo dos socialistas e liberais en troca de dúas alteracións que pouco influen na esencia do documento, o *Acordo Swift* que permite ás autoridades dos Estados Unidos accederen aos datos persoais dos ci-

dadáns europeos foi aprobado no Parlamento Europeo o pasado mes de Xullo despois de dúas tentativas anteriores fracasadas.

Foron 484 os deputados - da dereita ao chamado "centro" e aos socialistas e democratas (S&D) - que autorizaron a colocación das nosas informacións persoais nas maos das axencias operacionais norte-americanas, satisfeitos por teren a Europol inserida agora no proceso como entidade fiscalizadora e por ter desaparecido do texto a expresión "transferencia en bloco", o que non quer dicir que esa transferencia -en bloco- deixado de existir.

O acordo, que fora derrotado en plenário xa por dúas veces, para frustración da Comisión, do Consello Europeo e do Departamento de Estado norte-americano, foi finalmente aprobado por 484 votos contra 109 e 12 abstencións aínda que é practicamente o mesmo que fora rexeitado antes. Agora, algúns grupos da cámara europea tencionan mobilizar forzas para presentar o caso no Tribunal Europeo de Xustiza.

"Moitas cuestións sobre a protección da vida privada continúan sen respostas", subliñou Rui Tavares, deputado portugués eleito como independente polo Bloco de Esquerda e membro do grupo da Esquerda Unitária, GUE/NGL, cuxo traballo de relator na Comisión de Liberdades e Dereitos Humanos (LIBE) do Parlamento travou o acordo por dúas veces. "O Parlamento recusouse a aprobar as transferencias de datos en bloco por primeira vez en Febreiro, cando rexeitou o *Acordo Swift*. Reafirmámos esta posición en Maio con unha resolución que denunciou claramente a ilegalidade das transferencias de datos en bloco. Por terceira vez este proceso regresou à mesa e os grandes grupos políticos cederon perante os *lobbies* norte-americanos unha vez que decidiron que agora é aceptábel transferir 90 millóns de datos por mes - mil millóns por ano - para as autoridades norte-americanas". Rui Tavares criticou tamén a maioría que o aprobou por impedir os servizos xurídicos do Parlamento de dar unha opinión sobre o acordo solicitada polo grupo da Esquerda Unitária.

A aprobación do acordo significa igualmente que a Europol actuará como autoridade de fiscalización a pedido dos investigadores norte-americanos. "Colocar a Europol nesta posición é absurdo, ilegal e inconstitucional", explicou Rui Tavares. "Esta axencia non ten nengun papel na protección de datos e ten un interese claro nos resultados de todas as transferencias; apresentaremos esta violación dos dereitos dos cidadáns en tribunal e se for declarada ilegal, os cidadáns irán querer saber onde estaban os seus representantes eleitos e porque aprobaron un acordo ilegal".

Alén dos *lobbies* norte-americanos, o Parlamento recibiu presións directas das autoridades norte-americanas para que o acordo fose aprobado. A secretaria de Estado, Hillary Clinton, enviou unha carta ao Parlamento Europeo afirmando a impres-

cindibilidade de tal acordo no ámbito do "combate ao terrorismo"; Joseph Biden, o vice-presidente norte-americano, deslocou-se expresamente a Bruxelas para facer un discurso no mesmo sentido que varios deputados consideraron "paternalista" ou mesmo "ameazador", unha especie de "tirón de orellas a meniños mal comportados".

Fonte: "SWIFT, ou o monstro que renasce das cinzas" e "A pilhagem dos nosos datos pasa a ser 'legal'", de Rui Tavares (publicados en *The Week* - [www.beinternacional.eu](http://www.beinternacional.eu)).

## AUTORIZADA ESPIONAXE A DIE LINKE

Os servizos de espionaxe interna da Alemaña, designados como Gabinete de Protección da Constitución, foron autorizados polo Tribunal Federal Administrativo a espíar o Partido da Esquerda (*Die Linke*), organización representada en 13 dos 16 Parlamentos dos Estados Federais do país e no Parlamento Europeo, onde ten oito deputados integrados no grupo da Esquerda Unitaria GUE/NGL. Segundo o tribunal, correntes deste partido "teñen obxectivos anticonstitucionais".


O tribunal, con sede en Leipzig, deu este parecer na secuencia de unha queixa contra o Gabinete de Protección da Constitución presentada polo deputado Bodo Ramelow, presidente do *Die Linke* na Turinxia, que gañara o proceso nas dúas instancias anteriores. Ramelow calificou a decisión como "un escándalo" e anunciou que o partido recorrerá para o Tribunal Constitucional e para o Tribunal Europeo dos Dereitos Hum-

nos. A queixa foi presentada polo *Die Linke* porque entre 2005 e 2009 os servizos de espionaxe interna espíaron polo menos 53 deputados do partido ou de organizacións das caís este resultou. "Comprenderán que estou profundamente decepcionado ao verificar que seis anos de recursos se deciden de unha só vez e con razóns que non comprendo", acrescentou Ramelow. A sentenza basea-se no suposto "extremismo" do partido e nos seus alegados intuítos de "restaurar o comunismo" na Alemaña. "Agora", subliñou, "calquer persoa con funcións de responsabilidade neste partido pode ser espíada; esta sentenza non pode ficar así".

Na secuencia da espionaxe exercida sobre deputados do partido, o *Die Linke* interpuxo accións contra o Gabinete de Protección da Constitución alegando a realización de accións de "vixilancia arbitraria". A posición do Partido da Esquerda gañou en primeira instancia e na Relación mais en ambas as situacións o goberno federal interpuxo recursos para as instancias superiores, acabando por gañar no Supremo.

O *Die Linke* foi fundado en 2007 na secuencia dunha fusión entre o Partido do Socialismo Democrático, resultante das transformacións políticas rexistadas no fin da antiga República Democrática Alemá, e unha escisión do Partido Social Democrata (SPD). O *Die Linke* tivo 12,2 por cento e elixeu 76 deputados nas últimas eleccións xerais, en 2009. Conquistara pouco antes, en Xuño, oito lugares no Parlamento Europeo.

Personalidades alemás de varios cuadrantes, entre elas sindicalistas, dirixentes dos Verdes e do SPD, artistas e intelectuais subscreveron entretanto un abaixo-asinado protestando contra a decisión do Supremo Tribunal Administrativo de Leipzig.



## BIBLIOTECA .....

### THE POLITICS OF GENOCIDE

Edward S. Herman and David Peterson

(Prólogo de Noam Chomsky)

Neste libro, Edward S. Herman e David Peterson examinan os usos e abusos do termo "xenocidio". Mostran de maneira convincente como nos EUA xornalistas, académicos e goberno recorren a esta etiqueta para demonizar aquelas nacións e movementos políticos que de un xeito ou doutro chocan con os intereses do capitalismo USA. Os crimes cometidos polos EUA ou os seus aliados rara vez son calificados de "xenocidio". A agresión ao Vietnam, a opresión de Israel contra o pobo palestino, a matanza de supostos comunistas indonésios ou do pobo de Timor Leste, os bombardeos da Sérbia ou do Kosovo, a invasión do Iraq, os asasinatos en masa cometidos polos aliados dos EUA en Ruanda e na República do Congo, nada disto se califica de xenocidio. Outra é a vara de medir que se aplica a casos como a agresión Sérbia a Kosovo e Bósnia, as matanzas practicadas polos inimigos dos EUA en Dafur ou Ruanda, Saddam Hussein ou todas e cada unha das accións do Irán.

O estudo alicerza nunha ben seleccionada e volumosa documentación, na lectura apurada dos medios USA e en textos políticos e académicos. As súas afirmacións e conclusións ilustran-se con tabelas claras e elocuentes.

*The Politics of Genocide* é unha investigación formidábel de un efectivo sistema de propaganda que busca enganar as poboacións e promover a expansión de un sistema cruel e desalmado.

### NeoConOpticon - THE EU SECURITY-INDUSTRIAL COMPLEX

Ben Hayes

O informe de Ben Hayes, publicado por *Statewatch* e o *Transnational Institute*, alerta sobre o crecente poder do lobby militar-industrial europeo e a ameaza que este poder supón para as liberdades públicas da cidadanía, desvelando as estreitas relacións entre as políticas securitarias da Comisión Europea e os grandes grupos industriais militares. Esta estreita colaboración tradúcese en programas conxuntos de seguranza e provoca unha deriva militarista da política interior da UE como demostran múltiples iniciativas (ESRP, FRONTEX...) emprendidas nos últimos anos.

S	APRESENTACIÓN	1 ...
U	ESCALA	2 ...
M	ANÁLISES E RELATÓRIOS	3 ...
Á	BREVES	6 ...
R	BIBLIOTECA	16 ...
I		
O		

	Pilar Allegue
	Carlos Aymerich Cano
	Fernando Blanco Arce
	Pedro Bouso Cedrón
C	Justo G. Beramendi
O	José Ángel Brandariz
	Tony Bunyan
L	Sara Carou García
	Pepe Carreiro
A	Marc Carrillo
	Xoan Cons
B	Barbara Ehrenreich
O	Richard Falk
	Xulio Ferreiro
R	Gustavo García
A	Valentín García
	Pablo González Mariñas
N	Ben Hayes
	Anxel Huete
	Manuel Janeiro
	José Ignacio Lacasta Zabalza
	Héctor López de Castro
	Celso López-Pazos
	Ramón L. Suevos
	Gustavo Luca de Tena
	Yasha Maccanico
	Xaquín Marín
	Eduardo Melero
	Fernando M. Randulfe
	Miguel Anxo Murado García
	John Pilger
	Guillermo Presa
	Anxo Quintela
	X. A. Ramos
	Lucía Re
	Fred Reed
	Rocío Anabel Rodríguez López
	Suso Sanmartín
	Elvira Souto
	Roch Tassé
	José Luis Torrente
	Gemma Ubasart i González
	Vítor Vaqueiro
	Valeiras
	Rosa M <sup>a</sup> Verdugo Matés
	Mónica Zapico Barbeito
	Danilo Zolo